



Culturgal, a Feira das Industrias Culturais, é un evento único, de periodicidade anual, que este ano chega á súa quinta edición consolidándose como **o fogar das industrias creativas** en Galicia.

Articúlase como un espazo permeable, coas portas e ventás abertas para o diálogo directo entre a cultura e a sociedade, que conxuga o **encontro profesional** coa presentación, promoción e venda **aberta ao público** de produtos e servizos.

Unha gran casa construída polos distintos gremios da cultura: libro, creación audiovisual, artes escénicas, música, deseño, internet e novas tecnoloxías.



A Feira das Industrias Culturais está organizada pola **Asociación Culturgal**, unha entidade da que forman parte as asociacións profesionais máis representativas do sector: Asociación Galega de Editores (AGE), Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas (Escena Galega), Asociación Galega de Produtoras Fonográficas (Agaphono), Empresas Galegas Adicadas a Internet e ás Novas Tecnoloxías (Eganet), Asociación Galega de Produtoras Independentes (Agapi). Nesta nova edición da Feira das Industrias Culturais, a Asociación Culturgal realizou un esforzo integrador que levou a outras **15 asociacións sectoriais** a participar no evento.

Culturgal, a Feira das Industrias Culturais, conta co patrocinio da Xunta de Galicia, a través da AGADIC e a S.X. Política Lingüística, do Concello de Pontevedra, do Ministerio de Cultura e máis de 30 entidades e empresas colaboradoras. No eido das industrias culturais é sen dúbida **o proxecto galego coa rede máis ampla de colaboradores institucionais, asociativos e empresariais**.

Ferramentas TIC e multimedia nas aulas, unha visión práctica

BLOQUE temático - sábado 1 decembro

Hoxe máis que nunca é imprescindible aproveitar as potencialidades das industrias culturais para xerar desenvolvemento, tanto económico como social. Por iso, a segunda edición do **Foro Culturalgal** quere visibilizar unha cultura que é moito máis que un conxunto de produtos ou servizos, un sector cultural que é moito máis que un sector económico. **Os axentes culturais interveñen de xeito transversal na sociedade**, dende os estadios máis temperáns do proceso educativo e ao longo de toda a vida, nos múltiples espazos de creación, produción e difusión cultural que conviven na nosa sociedade.



A achega de solucións pedagóxicas integrais para o sector educativo é unha liña de traballo esencial que realiza o gremio de editores (**AGE**). Tamén, nos últimos anos está a coller forza a colaboración co sector educativo das PEMEs que desenvolven solucións TIC, multimedia e audiovisuais (**EGANET**), sen esquecer a formación dixital para mestres e mestras. Visibilizar **a aportación das industrias culturais galegas ao eido educativo** é un dos obxectivos da xornada.

Tamén se configura como unha excelente oportunidade para que **os profesionais das industrias culturais** que deseñan contidos educativos, ferramentas TIC ou ofrecen formación neste eido **poidan analizar xunto aos mestres os retos que ambos colectivos afrontarán no futuro inmediato**.

Os creadores e creadoras do futuro están agora nas aulas e son nativos dixitais. Por esta razón, outro aspecto que destacamos no programa son as **experiencias de mestres que buscan fomentar a a creatividade, a curiosidade e a experimentación** en todos os estadios educativos, empregando ferramentas TIC e recursos multimedia como aliados clave para conectar coas novas xeracións.

Os alumnos aprenden a non só consumir pasivamente contidos e nestas experiencias crean, modifican e distribúen os seus propios contidos. **O futuro das Industrias Culturais pasa polo fomento da creatividade e a curiosidade por experimentar dende a escola.** Neste obxectivo os mestres son aliados estratéxicos e as TIC, un xeito de realizar experiencias con poucos recursos e alto impacto.



Alumnos de Cultura Audiovisual IES Concepción Arenal de Ferrol /vía ELPAÍS / © GABRIEL TIZÓN

Para esta actividade contamos coa colaboración do colectivo de mestres da **CGENDL**, o cal nos permite achegarnos á visión dun perfil de mestres moi activos, vinculados á dinamización do uso da lingua galega no ensino e tamén á organización de actividades culturais.

Así mesmo, durante toda a xornada os mestres e mestras, notables prescriptores de proxectos culturais, poderán achegarse ás novidades editoriais e ás novas propostas de música ou artes escénicas dirixidas a público escolar e familiar que se presentarán na Feira.

Información básica para a inscrición

Esta xornada celébrase **o sábado 1 de decembro no Pazo de Cultura de Pontevedra**, en espazos habilitados dentro do recinto de Culturgal.

Na páxina web de culturgal dispónse de toda a información para [chegar ao recinto](#), incluído un **vale desconto do 30%** para quen desexa viaxar a Pontevedra en tren.

A xornada diríxese a **profesorado de todas as etapas educativas**; responsables de departamentos de **normalización lingüística e bibliotecas**; **educadores e educadoras** de centros sociais; **institucións educativas e profesionais das industrias culturais** que traballen no eido educativo.



A Subdirección Xeral de Ordenación, Innovación e Formación do Profesorado da Consellería de Educación e Cultura, ten incluída esta xornada dentro do **Plan de Formación do Profesorado para o curso 2012/2013**. Os mestres e mestras que desexen recibir diploma acreditativo de 8 horas de formación deben realizar a inscrición gratuíta a través da aplicación [fprofe](#) ata o venres 23 de novembro.

O resto de profesionais poden realizar a **inscrición xeral**, que ten un custe de 30 € (IVE incluído) e que inclúe a acreditación como profesional en Culturgal 2012.

A inscrición tamén é obrigatoria, pero gratuíta, para os **profesionais de entidades expositoras na Feira**.

O formulario de inscrición pode cubrirese en liña a través da [nosa páxina web](#)

PROGRAMA

9:30 (na OFICINA DE INFORMACIÓN da Feira) Acreditacións

Facilitarase a documentación e toda a información sobre a ubicación dos espazos de actividades. Recoméndase chegar con suficiente antelación dada a extensión do recinto.

10:00 a 10:50 (no OBRADOIRO) Conferencia

A xornada ábrese cunha **conferencia** de **Manuel Area**. Pedagogo galego de orixe pontevedrés e catedrático de Tecnología Educativa de la Universidad de La Laguna.

Realizará unha panorámica de proxectos de éxito realizados con poucos recursos grazas ás ferramentas TIC. Visións prácticas e en positivo, mostrando a utilidade pedagóxica das ferramentas TIC e os contidos multimedia nas aulas.

De 11:00 a 12:00 (no OBRADOIRO) Sesión INICIATIVAS

Dende moitos eidos vinculados ao sector educativo trabállase na implantación do uso de TICs e contidos multimedia nas aulas e nesta sesión queremos achegar catro puntos de vista “a pé de aula”: o **centro de formación da consellería de educación**, a **fundación privada**, o **sector editorial** e os propios **mestres**.

Despois dunhas breves presentacións, abriremos un debate sobre o papel das diferentes iniciativas dentro do sistema educativo, os enfoques pedagóxicos, a relación co colectivo de mestres e, en definitiva, as oportunidades e dificultades arredor do uso práctico das novas tecnoloxías nas aulas.

- **Francisco César Díaz Rey**, asesor no [CFR Pontevedra](#)
- **Susana Vázquez Martínez**, asesora educativa da Fundación Barrié para o proxecto [educaBarrié](#)
- **Belén López**, representante editoras da [AGE](#) e directora de Baía Edicións

De 12:00 a 13:00 realízase unha pausa coa posibilidade de visitar o recinto feiral e asistir a presentacións de proxectos editoriais, musicais e de artes escénicas.

No espazo COCIÑA, tamén no recinto feiral, realizarase tamén durante esta pausa a actividade “**Café con Manuel Area**”, unha sorte de turno de preguntas informal, no que tamén estarán presentes os catro convidados da sesión “INICIATIVAS”.

A través de presentacións áxiles de 10' coñeceremos **5 iniciativas galegas destacadas no uso das TIC e os contidos multimedia nas aulas**, abrindo un posterior debate sobre a implantación en Galicia destas ferramentas e as súas oportunidades e dificultades para o fomento da creatividade, a curiosidade e a experimentación nos diferentes estádios educativos.

- Modera: **Román Cerqueiro Landín** ([CGENDL](#), mestre CPI Manuel Padín Truiteiro de Soutomaior)
- 1) **Mari Carmen López**, responsable de I+D da empresa galega Balidea, presenta [Escolas á nube](#), un proxecto baseado en solucións de cloud computing, virtualización e software libre para [Centros Rurais Agrupados](#) en colaboración co Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) e coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
- 2) **Juan J. García**, mestre representante de [TADEGA](#), asociación adicada ao fomento do uso das TIC na atención á diversidade nas aulas.
- 3) **María Fernández Gómez** do [EEI](#) Monte da Guía e **Jose Antonio Pazos** do [CEIP](#) Sequelo son responsables do proxecto [Xabarin18](#), no cal involucraron a ilustradores galegos e alumnos nunha multimedia celebración do aniversario.
- 4) Dende o [IES As Barxas](#), **Luz Beloso**, mestra de plástica e **Seso Durán**, mestre de música, realizan un traballo conxunto modélico no fomento da creatividade artística entre o alumnado. O proxecto "AudioVisual As Barxas" recibiu xa varios premios polo uso e experimentación con recursos musicais e da linguaxe cinematográfica e a búsqueda de novas formas de expresión e creación.
- 5) **Manolo González**, referente do audiovisual galego, achegará a súa experiencia no [IES](#) Concepción Arenal Ferrol, onde “armou aos rapaces e rapazas con cámaras e lanzounos a filmar o mundo”

De 14:30 a 16:30 realízase unha pausa para o xantar

De 16:30 a 19:00 (nas aulas do OBRADOIRO) desenvolveranse **obradoiros e charlas prácticas**. Recoméndase aos mestres que acudan cun dispositivo portátil que permita acceso a internet para garantir a interactividade. En calquera caso, prevese que os obradoiros se plantexen de xeito que tamén poida ser seguido como unha charla práctica se non se conta con portátil ou tableta.

Todos os obradoiros teñen en común que as empresas que os imparten realizan habitualmente formación en centros de ensino. **Trátase polo tanto, dunha mostra do seu traballo**, que pode desenvolverse nos propios centros con colectivos de mestres máis reducidos e de maneira máis intensiva.

Realizaranse **2 turnos**, cunha pausa: **Sesión 1** 16:30/17:30 e **Sesión 2** 18:00/19:00
Os mestres poderán escoller entre as seguintes opcións para cada unha das sesións:

- **IMAXIN** (aula - prazas limitadas) > **Aplicación dos videoxogos na aula**

Neste obradoiro utilizaranse videoxogos para introducir e probar metodoloxías na aula baseada en proxectos. Os obxectivos son aprender a seleccionar e catalogar videoxogos segundo áreas específicas, aplicar na aula actividades baseadas nestas ferramentas dixitais e coñecer criterios de validación e avaliación ao traballar con videoxogos.

Esta é unha das actividades incluídas no catálogo xeral formativo de imaxin|software, deseñadas especificamente para centros de ensino, institucións e organismos. A área de in|gaming de imaxin|software, dentro das súas liñas de actuación tamén desenvolve videoxogos educativos, materiais multimedia interactivos en diferentes soportes e realiza traballos de consultoría pedagóxica.

- **TAGEN ATA** (aula - prazas limitadas) > **Redes sociais para o ensino**

O uso de redes sociais aporta dinamismo no proceso de aprendizaxe e empodera ao alumnado para colaborar proactivamente nos procesos que comezan na aula. Coñeceremos as claves para potenciar as potencialidades destas ferramentas.

- **GALINUS** (aula - prazas limitadas) > **Dende o museo, creación de interactivos online para as aulas**

Dani Cerqueiro, director de Galinus e **Francisco Doménech**, responsable de e-museo (Museos Científicos Coruñeses), presentarán un catálogo de recursos interactivos online deseñados nos Museos Científicos Coruñeses para seren usados como materiais didácticos complementarios nas aulas. Na parte práctica exploraremos ferramentas coas que os profesores poden crear os seus propios materiais interactivos.

- **ALGUEIRADA** (salón actos) > **As mellores ferramentas web de 2012 para a educación**

Nesta charla práctica farase unha revisión das ferramentas web máis útiles para o traballo colaborativo e a organización, publicación e difusión de contidos educativos.

As 19:00 finalizan as actividades formativas da xornada. . En calquera caso, ao realizarse no marco do Culturgal, a Feira das Industrias Culturais de Galicia, **durante todo o día e ata o peche da feira ás 21:30** as persoas inscritas e as súas familias poden disfrutar de balde dunha ampla variedade de actividades e opcións de ocio nos cinco escenarios da feira e nos 70 stands das entidades presentes.

Algunhas propostas de especial interese para mestres son:

- 17:30 (cuarto dos nenos): **CUMIO presenta LUIS PREGO, XOGOS INFANTÍIS**
- 19:00 (garaxe): Presentación **GALAXIA TALES**
- 19:30 (cuarto dos nenos): **CSIC: QUE TRABALLO TAN CURIOSO!**
- 19:30 (garaxe): **Xoga con KOMOKO. Taller lúdico con videoxogos didácticos**



Toda a programación de Culturgal está dispoñible en www.culturgal.com
A casa da cultura galega é a vosa casa. Vós tedes a chave